

[Almorzos cooperativos virtuais]

Cooperativas de Ensino ante a LOMLOE: Propostas, retos e oportunidades

[Actividade apoiada pola Rede Eusumo e o Programa operativo de inclusión social e economía social (POISES)]

DATAS REALIZACIÓN	Xoves 27 de Maio de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	18:00 – 20:00 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	On-line (plataforma virtual)		
PERSONA DE CONTACTO	Roberto Andrés Sanmartín	TELÉFONO	986 866 149
		E-MAIL	roberto@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Dar a coñecer e por en valor os traballos desenvolvidos dende a U.E.Co.E e as súas entidades asociadas no proceso de elaboración da LOM-LOE.
- Destacar o posicionamento do cooperativismo de ensino, tanto a nivel nacional como autonómico, sobre a educación e a súa concepción como servizo público, universal, fundamentado nos principios de equidade, mellora continua e participación da comunidade educativa en todo o proceso de aprendizaxe.
- Trasladar ante a administración educativa con competencias, a capacidade do cooperativismo de ensino para actuar como axente proveedor de suxestións de mellora no desenvolvemento normativo, con capacidade de ser interlocutor de referencia á hora de desenvolver ferramentas específicas como a aprendizaxe cooperativa, os principios e valores propios da fórmula e tamén a singularidade dos nosos centros fronte ao resto de modelos de ensino públicos e privados.

PROGRAMA

18:00 h. - Benvinda ás persoas e entidades.

18:15 h.- Exposición sobre o proceso de tramitación da LOMLOE e as achegas realizadas durante o mesmo dende o eido do cooperativismo de ensino.

Javier Martínez Cuaresma, Presidente da Unión Española de Cooperativas de Enseñanza (U.E.Co.E)

19:15 h.- Debate sobre o recoñecemento da singularidade do cooperativismo de ensino na nova lei.

19:45 h.- Conclusións.

20:00 h.- Peche da Xornada.

CONTIDOS

- Dar a coñecer á comunidade do cooperativismo de ensino, o traballo desenvolvido dende as súas organizacións representativas en todo o proceso de debate e aprobación da LOMLOE.
- Recoller e por en valor as achegas que se fagan dende o sector de cara a acadar unha visibilización do feito diferencial de ser cooperativa, en todo o proceso normativo que está pendente de ser aprobado, tanto a nivel nacional como autonómico, e que permitan apostar por contidos e metodoloxías que reflectan o sentir da nosa comunidade, así como a formación do alumnado en valores de respecto aos dereitos humanos, exercicio activo da cidadanía e o pluralismo dunha sociedade plenamente democrática.

METODOLOXÍA

- Na 1ª parte, propónse un método de traballo que combina un Relatorio de presentación inicial sobre a temática a abordar, quenda de Preguntas e Diálogo co público participante.
- Na 2ª parte, propónse a organización de Grupos de Traballo e Discusión para recollida de propostas e suxestións de mellora susceptibles de ser presentadas ante a administración educativa no proceso normativo de desenvolvemento da lei.
- Na última parte, realización dun Plenario de posta en común e conclusións.

DIRIXIDO A

- Socias da Unión de Cooperativas EspazoCoop, de forma preferente, representantes da súa Sectorial de Ensino.
- Cooperativas da Unión con intereses vencellados ao sector do ensino, a formación e a educación do tempo libre e de lecer.



Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.

